



Extracto do Proxecto Educativo do Centro (PEC)

- O PEC é o documento que expresa os sinais de identidade do centro para levar a cabo o modelo propio de funcionamento, de acordo coa normativa vixente en Galicia.
- O proxecto de aprendizaxe leva implícito o coñecemento da situación concreta de cada alumno/a para lograr acadar os obxectivos e competencias fixadas.
- O Modelo lingüístico
 - Dado que a maioría do alumnado ten como lingua MATERNA o castelá, faise o ensino de lecto-escritura en castelá con actividades orais en galego. En Educación Primaria, ademais de Lingua galega impártense en galego Coñecemento do Medio, Plástica, Educación Física e Relixión.
 - Utilizarán ao remate da etapa con fluidez as dúas linguas: a galega e a castelá.
- As TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación)
 - Proporcionaselle ao alumnado os instrumentos de análise e foméntase a capacidade de observación crítica e a adquisición de hábitos de traballo e estudo entendendo sempre estas como ferramentas e non como fins e sempre dun xeito inclusivo.
 - Utilízanse as tecnoloxías de información e comunicación (TIC) como elementos fundamentais de consulta, investigación, aprendizaxe e innovación para o alumnado.
 - As aulas de 5º e 6º curso de Educación Primaria participan no Proxecto Abalar dende o ano 2010.
- As actividades non lectivas
 - Realízanse visitas e saídas en horas lectivas contempladas no Plan Xeral Anual (PXA) como complemento fundamental do aprendido na aula. (Descubrir Coruña, teatros, concertos...).
 - Nunha estreita colaboración coa ANPA e co concello, ofértase un abano plural, rico e innovador de actividades extraescolares que enriquecen e complementan o proxecto educativo.
- Favorécese a participación do profesorado en plans de formación permanente.
- Trabállase para a integración e socialización do alumnado, asegurando a non discriminación por razón de xénero, raza, relixión ou medio socioeconómico ou cultural do alumnado.
- Incorpóranse nas programacións didácticas obxectivos e contidos relacionados co contorno próximo do alumnado.
- Foméntase a coordinación entre todos os membros da comunidade escolar, que permita levar a cabo unha tarefa educativa común.
- Bríndaselles información ás familias das áreas e aspectos que lles afectan, ademais de levar a cabo reunións co profesorado titor dos seus fillos e fillas os luns de 16: a 17:00 horas ou co Departamento de Orientación do Centro, cando sexa preciso.